

***Recomendación á ATRIGA no sentido de non ordear, ou deixar sin efecto, os embargos sobre cantidades bancarias de persoas en situación de vulnerabilidade económica e cando as cantidades depositadas non superan o salario mínimo interprofesional***

Expediente: L.4.Q/1394/22

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022

Sr. conselleiro :

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX.

#### **ANTECEDENTES**

No seu escrito, esencialmente, indícanos que *está sendo obxecto de embargos da súa conta por parte da ATRIGA, cando non conta con ingresos para a manutención dos seus fillos, alén do RISGA ou algunhas axudas autonómicas, dado que está en desemprego. No mes de Nadal foille bloqueada a súa conta completamente.*

Ante iso requirimos informe a esa Consellería, que nola remitiu co seguinte contido:

*O artigo 171.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria dispón que:*

*“Cando na conta afectada polo embargo efectúese habitualmente o abono de soldos, salarios ou pensións, deberán respectarse as limitacións establecidas na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, mediante a súa aplicación sobre o importe que deba considerarse soldo, salario ou pensión do debedor. Para estes efectos considerarase soldo, salario ou pensión o importe ingresado en dita conta por ese concepto no mes en que se practique o embargo ou, na súa falta, no mes anterior.”*

A área de recadación da ATRIGA informa que na actualidade ten a persoa interesada dúas débedas en período executivo con importes pendentos (principal máis xuros) de 340,00 euros e 180,00 euros correspondentes a dous expedientes distintos.

Informa a ATRIGA que *“lle embargou o día 27 de setembro de 2021 unha cantidade de 50 euros que non procedía de soldos, pensión nin concepto algún dos recollidos no artigo 171.3 da LXT anteriormente mencionado senon dun ingreso recorrente de 50 euros pero que muda no seu concepto. A Dilixencia de embargo foille notificada o día 9 de setembro. A persoa*

*interesada podía ter presentado, ben recurso de reposición, ben reclamación diante do TEAR, regulados no artigo 222 da LXT, se se presentaran as circunstancias previstas no artigo 170.3 da LXT, sen que conste recurso algún”.*

*“O día 4 de maio de 2022 requiriuse por este órgano o extracto das contas embargadas entre xullo de 2021 ata xaneiro de 2022 á persoa interesada. O 27/05/2022 procedeuse á contestación do requirimento e a aportación da documentación requirida.*

*Analizados os extractos de conta achegados extráese a conclusión de que o único embargo en contas realizado pola Atriga durante o 2021 ao suxeito pasivo é o mencionado anteriormente con data de ingreso o día 27 de setembro de 2021. Con posterioridade a esta data, non se realizou ningún outro embargo nas contas da interesada por parte da Atriga nese ano.*

*Posteriormente, o 28 de abril 2022 notificase á interesada unha dilixencia de embargo de nóminas, aínda que a data de hoxe non consta o envío de ningún importe pola entidade pagadora.*

*Tendo en conta a situación das débedas, é necesario facer referencia á posibilidade de aprazar ou fraccionar a débeda prevista no artigo 65 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria. Así:*

*“As débedas tributarias que se encontren en período voluntario ou executivo poderán aprazarse ou fraccionarse nos termos que se fixen regulamentariamente e previa solicitude de obrigado tributario cando a súa situación económico-financeira lle impida de forma transitoria efectuar o pago nos prazos establecidos. “*

*A solicitude deberá vir acompañada dos datos e documentación esixida no artigo 46 do Real Decreto 939/2005 do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación. En concreto de:*

*Nome e apelidos ou razón social ou denominación completa, número de identificación fiscal e domicilio fiscal do obrigado ao pago e, no seu caso, da persoa que o represente.*

*Identificación da débeda cuxo aprazamento ou fraccionamento se solicita, indicando a lo menos o seu importe, concepto e data de finalización do prazo de ingreso en período voluntario.*

*Causas que motivan a solicitude de aprazamento ou fraccionamento.*

*Prazos e demais condicións do aprazamento ou fraccionamento que se solicita.*

*Orde de domiciliación bancaria, indicando o número de código conta cliente e os datos identificativos da entidade de crédito que deba efectuar o cargo na súa conta ou indicación expresa de que solicita facer fronte a débeda a través de cartas de pagamento.*

*Os demais documentos ou xustificantes que estime oportunos. En particular, deberá xustificarse a existencia de dificultades económico-financeiras que lle impidan de forma transitaria efectuar o pagamento no prazo establecido, como por exemplo mediante presentación da último imposto da renda."*

*As solicitudes de aprazamento e fraccionamento de pago deberán presentarse ante o Departamento de Recadación Tributaria da Delegación da Atriga en XXX, podendo facelo:*

*De xeito presencial, mediante escrito ou modelo normalizado, nos rexistros da Xunta de Galicia ou por calquera outro dos medios que indica o apartado*

*4 do artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

*De xeito telemático:*

- Pola OVT con certificado dixital ou DNI electrónico*
- Pola sede electrónica da Xunta de Galicia polo procedemento PR004A (con certificado dixital, clave chave ou DNI electrónico)"*

## **ANÁLISE**

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

**PRIMEIRA:** A persoa interesada percibe unha prestación social autonómica (RISGA) e outras axudas esporádicas, dada a súa situación de vulnerabilidade económica e o feito de contar con familiares a cargo. Dita situación reflíctese nos extractos bancarios cos que conta a ATRIGA (según sinala no informe remitido a esta Institución) así como nos informes sociais que obran en poder da administración autonómica.

A interesada afirma que foi obxecto de embargo por parte da ATRIGA nun ingreso que figuraba como "manutención" e que se corresponde a unha cantidade de 50€ que, con certa

periodicidade, ingresa o pai dos seus fillos para axudala na manutención dos menores. A ATRIGA afirma que embargou 50€ e sinala: *“unha cantidade de 50 euros que non procedía de soldos, pensión nin concepto algún dos recollidos no artigo 171.3 da LXT anteriormente mencionado senon dun ingreso recorrente de 50 euros pero que muda no seu concepto.”*. non se recolle no informe cal era o concepto que figuraba cando foi obxecto de embargo.

**SEGUNDA.** O *Tribunal Supremo* na Sentencia número 158/1993, do 6 de maio, establece que a nosa lexislación exclúe determinados bens e dereitos da execución forzosa, declarándoos inembargables polas máis variadas razóns de interese público ou social, razóns entre as que destaca a de impedir que a execución forzosa destrúa por completo a vida económica do executado e poña en perigo a súa subsistencia persoal e a da súa familia. Segundo este mesmo Tribunal, tales límites lexislativos á embargabilidade teñen, en principio e con carácter xeral, unha xustificación constitucional inequívoca no respecto á dignidade da persoa, consagrado no artigo 10.1 da Constitución.

**TERCEIRA.** O *artigo 607 da Lei de Axuizamento Civil*, establece que é inembargable o salario, soldo, retribución ou o seu equivalente, que non exceda da contía sinalada para o salario mínimo interprofesional. Tamén *cuálifica como bens inembargables, aqueles que resulten imprescindibles para que o executado e as persoas que dependan del, poidan atender con razoable dignidade á súa subsistencia.*

Asimesmo, a *renda de inclusión social de Galicia*, en canto prestación económica, ten carácter alimenticio, persoal e non transmisible, e non pode ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantía de deberes. Dada a contía desta renda básica, aínda coa suma dos complementos familiares, o total non acada o SMI

**CUARTA.** O informe da Administración sinala que existiría un posible novo embargo notificado á interesada o día 28 de abril. Non se pode obviar, neste caso, a situación de precariedade económica e vulnerabilidade da persoa interesada e o feito de que conta con menores a cargo. A Administración autonómica é coñecedora, como decíamos, desta situación que a fixo beneficiaria dunha prestación como a RISGA. A maior abastanza, a situación inflacionista actual e a suba dos servizos de primeira necesidade (auga, luz, gas, alimentación...) obrigan ás administracións públicas a realizar unha avaliación da realidade social e económica das persoas que son obxecto de embargo dado que pudean dar como resultado unha situación de extrema gravidade, lonxe do espírito das normas e, desde logo, contrario á literalidade e ao significado do artigo 10 da Constitución española que mencionamos con anterioridade.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería a seguinte **recomendación**:

***En atención ás circunstancias descritas nas consideracións anteriores, non ordear, ou deixar sin efecto, os embargos sobre cantidades bancarias de personas en situación de vulnerabilidade económica e cando as cantidades depositadas non superan o salario mínimo interprofesional***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo